

Programa << CREANDO MELLORA >>

Dá nas teclas que importan :
análise, planificación e xestión participada nas cooperativas

Convoca: Unión de Cooperativas Galegas Espazocoop

Destinatarias: Persoas en desemprego, menores de 35 anos con formación empresarial

Convoca

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop, dentro do Programa de actuación 2020 da Rede Eusumo.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento e consolidación do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social.



Obxecto

ESPAZOCOOP é unha entidade multisectorial, integrada por cooperativas de distintas clases, que ten, como un dos seus obxectivos, a mellora da xestión e do funcionamento a nivel organizativo das cooperativas que asocia.

Coñecida a situación existente (dun baixo nivel de xerencias profesionais nas cooperativas), ofrece apoio aos procesos de mellora e consolidación, convocando o Programa 'CREANDO MELLORA' para cooperativas, trátase dun **programa de bolsas para procesos de mellora nas COOPERATIVAS**.

O obxecto desta convocatoria é **seleccionar 5 persoas bolseiras, desempregadas menores de 35 anos, tituladas e formadas na área empresarial** para incorporarse nalgunha das cooperativas beneficiarias seleccionadas, realizando prácticas, en réxime de xerencia individual, e un proxecto de apoio e mellora na entidade, **durante 6 meses e 25 horas semanais** (a bolsa exige ter disponibilidad, porque require dunha adicación continua e presencial).

A finalidade do Programa é **mellorar as condicións nas que as cooperativas abordan a función xerencial** e os procesos de mellora nas súas organizacións, e **tamén fomentar o emprego** mellorando a capacitación das persoas mediante un proceso de iniciación profesional nas cooperativas beneficiarias.

CONDICIÓN DAS BOLSAS 'CREANDO MELLORA'

Unha selección das persoas bolseiras

Realizarase un proceso de selección das persoas bolseiras, do que se encarga EspazoCoop, para seren asignadas a cada unha das cooperativas beneficiarias dunha Bolsa, que terá dúas fases:

1) Pre-selección en función do curriculum e un formulario de datos.

2) Selección final das persoas bolsseiras, unha vez realizado un curso de formación presencial de 20 horas sobre cooperativas e economía social no mes de xaneiro de 2020 en Santiago de Compostela. Cabe a posibilidade de que EspazoCoop poida realizar algunha entrevista ás candidatas, se o considera necesario para facilitar a selección definitiva.

Período de duración da Bolsa

A estadia da persoa bolsseira na entidade beneficiaria comprenderá do **1 de febreiro ao 31 de xullo de 2020**.

Ubicación xeográfica das cooperativas beneficiarias do Programa 'Creando Mellora'

- Ourense (1 cooperativa/bolsa)
- Arteixo - A Coruña (1 cooperativa/bolsa)
- A Coruña (3 cooperativas/bolsas)

A cada persoa bolsseira seleccionada seralle asignada unha cooperativa en base á localidade á que se candidata.

Un Programa Formativo

As Bolsas son un programa formativo (teórico e práctico), e as persoas bolsseiras seguirán un Plan de Traballo establecido, de xerencia dunha cooperativa, tendo como obxectivo final a elaboración dun **proxecto de Plan de Mellora** para a mesma.



A formación está adaptada ás particularidades do modelo empresarial das cooperativas e entidades economía social, e basease en principios e valores propios, como a participación, a xestión democrática, a relación coa comunidade, a propiedade conxunta, a cooperación entre cooperativas, a autonomía, a axuda mutua, a responsabilidade compartida, a equidade ... O programa **incorpora as especialidades do Cooperativismo e a Economía Social**, sector que representa outras formas de relacións económicas, opostas a modelos baseados na obtención de beneficios soamente económicos.

O proceso de traballo consiste na elaboración dunha diagnose interna da cooperativa, facendo un percorrido polas diferentes áreas da empresa:

- x **Organizativa e Lexislativa**
- x **Comercial e Mercadotecnia**
- x **Económico e Financeira**
- x **Planificación Estratéxica**
- x **Plan de Mellora**

E para elo contan coa **tutorización de EspazoCoop** que se encarga de realizar o seguimento e acompañamento dos traballos prácticos que fai na entidade como: acadar información relevante dos distintos ámbitos da entidade, analizar as diferentes áreas, aprender a interpretar a información, ordenar a información, propór, comunicar e guiar con eficacia para acadar obxectivos, planificar para lograr as metas, aplicar accións de mellora, realizar o seguimento das medidas tomadas na entidade, etc.

Tratarase de que as persoas bolseiras adquiren unha visión estratéxica para aplicala na entidade; potenciar capacidades e habilidades claves para anticiparse ás consecuencias da xestión.

Non só se trataría de xestionar máis ou mellor, senón pensar estratéxicamente en novas accións que se terían que realizar ou cales deberían deixar de facerse.

Os traballos, en cada entidade beneficiaria dunha Bolsa, terán un certo grao de adaptabilidade, en base ás súas necesidades e demandas específicas na área xerencial da entidade.

Lugares nos que se desenvolve a Bolsa

Como as persoas bolseiras seguirán un programa formativo teórico-práctico, dinamizado por unha persoa titora da Unión, o lugar de celebración dos traballos de apoio xerencial serán :

- Por un lado, nas instalacións da propia cooperativa ou entidade que se lle asigne.

- Por outro lado, nos lugares onde se desenvolvan as sesións de titoría ao longo da Bolsa, nas que deben participar. (En instalacións de EspazoCoop, ou doutras entidades colaboradoras, nas localidades que se acorde en común, en función das diferentes orixes xeográficas das persoas participantes)

A meirande parte da bolsa desenvólvese nas instalacións da cooperativa ou entidade de ES.

Adicación da Bolsa na cooperativa

A **adicación semanal** da persoa bolseira será de **25 horas semanais**, e desenvolverase ao longo de **6 meses**.

Axuda económica

Cada persoa bolseira recibirá una retribución bruta mensual de **675,00 €**, cantidade á que se lle descontará a Seguridade Social e a retención do IRPF correspondentes.

Solicitantes e perfís

Persoas, desempregadas, menores de 35 anos, no último curso académico ou en posesión do título de grao, diplomatura ou licenciatura en titulacións relacionadas coa xestión empresarial (Administración e Dirección de Empresas, Económicas, Empresariais, Relacións Laborais, ...), tamén de Ciclos Superiores de formación profesional en especialidades relacionadas coa xestión empresarial.

Perfís en sintonía coa economía social, ou con sensibilidade, predisposición e inquietude por modelos empresariais con esa orientación.

Para a selección de bolseiros/as valorarase a traxectoria de estudos, coñecementos técnicos (análise económica e financeira, xestión fiscal,

laboral ou contable, estratexia empresarial...), a formación e coñecementos en economía social, as experiencias laborais, experiencias de carácter asociativo ou comunitario, de voluntariado, etc.

Tamén serán valoradas as actitudes e aptitudes para desenvolver labores xerenciais - capacidades e habilidades neste sentido-, como aspectos de iniciativa, resolución de conflitos, motivación,

traballo en equipo e habilidades sociais, tamén os coñecementos de ferramentas e instrumentos de xestión, así como as que se poidan determinar coas entidades para cada proxecto concreto.

A selección final das persoas beneficiarias será validada por unha Comisión de EspazoCoop, atendendo aos criterios establecidos na convocatoria para entidades deste Programa.

SOLICITUDES E PRAZO

O prazo para inscribirse abrangue do **3 ao 16 de decembro de 2019**. As persoas interesadas en candidatar como bolseiras deberán :

- 1) Cumprimentar o **formulario electrónico de datos neste enlace: [Formulario de inscripción](#)**
- 2) Enviar o seu **currículo** á Unión de Cooperativas EspazoCoop, ao correo electrónico: roberto@espazo.coop

A inscripción **deberá indicar**, entre outros datos, a **localidade á que optan**.

- O que as candidatas indiquen no formulario de inscripción debe axustarse ao indicado no currículo enviado.
- O currículo avalará certas respostas do formulario, e debe cumprir os requisitos e condicións mencionadas nesta convocatoria, se non é así, a súa puntuación pode ser minorada ou inclusive pode excluírse a candidatura, ao non poder contrastar ou xustificar as respostas dadas no formulario e os requisitos da convocatoria.
- O currículum ten que poder acreditarse no momento que EspazoCoop o solicite.

INFORMACIÓN E CONSULTAS

Teléfono e mail de consulta e información:

986 86 61 49 . De 9:00 a 14.00 horas, de luns a venres.

roberto@espazo.coop

ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación da solicitude implica a conformidade e aceptación das bases da convocatoria por parte da persoa solicitante.

A entidade convocante resérvase a posibilidade de modificar as datas, se fora o caso, por motivos e causas de interese para o desenvolvemento do proceso e o Programa.